



PREGUNTAS FRECUENTES

Axudas á transformación dixital das pemes · IG300C 2026

*Síntese das principais cuestións formuladas no webinar,
con criterio práctico e orientación para preparar mellor
a solicitude.*



Documento para difusión. As respostas teñen carácter orientativo; en todo caso, prevalecen as bases reguladoras e a análise do expediente concreto segundo a documentación presentada.



CONTIDO DA GUÍA

»» Cuestións xerais	2
»» Elixibilidade técnica e custos	4
»» Sectores, CNAE e beneficiarios	8
»» Solicitude, ofertas e anticipo	12



CUESTIÓNS XERAIS

» Respostas rápidas para comprobar prazo, inicio, importe, tipoloxía e número de solicitudes.



1. Cal é o prazo de presentación?

Do 11 de xuño de 2026 ás 9.00 h ata o 10 de xullo de 2026 ás 14.00 h, a través de SPIGA.



2. Cal é o prazo de execución e xustificación?

O prazo máximo xeral de execución dos proxectos é o 30 de xuño de 2027. A liquidación final presentarase segundo o prazo que corresponda á resolución: ata o 31 de outubro de 2026 para proxectos con prazo máximo de execución nesa data ou anterior, e ata o 30 de xuño de 2027 no resto dos proxectos.



3. Que tipo de proxectos se apoian?

Proxectos que rematen nunha solución dixital implantada, configurada e operativa en contorna real. Non abonda con estudos, diagnósticos ou ideas sen implantación efectiva.



4. O proxecto pode estar xa iniciado?

Non. Antes da solicitude non pode haber contrato asinado, oferta aceptada, pedido, factura nin pagamento anticipado vinculados ao proxecto.



5. Hai un investimento mínimo ou máximo?

O investimento subvencionable mínimo é de 12.000 €. Non se fixa un importe máximo xeral de investimento subvencionable. A convocatoria organiza a concorrência en tres tipos: tipo 1 (12.000 € a menos de 50.000 €), tipo 2 (50.000 € a 120.000 €) e tipo 3 (máis de 120.000 €).



6. Que tipoloxías de proxecto existen?

As bases recollen seis tipoloxías: interfaces e canles dixitais con terceiros; dixitalización e automatización de procesos; sistemas de xestión integral; ASG instrumentado por tecnoloxía; ciberseguridade para a operación dixital; e mellora da función loxística. A empresa debe escoller a tipoloxía principal do proxecto.



7. Cantas solicitudes pode presentar cada empresa?

Cada peme pode presentar un máximo de dúas solicitudes, pero cada solicitude debe corresponder a un proxecto con unidade propia e sentido funcional. Isto significa que o proxecto debe ter un obxectivo claro, un alcance coherente, actuacións conectadas entre si e un resultado final verificable. Non debería presentarse unha solicitude como suma de actuacións illadas ou heteroxéneas sen relación suficiente entre elas, aínda que todas teñan algún compoñente dixital.

Se un proxecto inclúe actuacións que poderían encaixar en varias tipoloxías, debe clasificarse pola súa tipoloxía principal, é dicir, pola finalidade predominante da solución que se vai implantar, sen prexuízo da posible reclasificación polo Igape.

ELIXIBILIDADE TÉCNICA E CUSTOS



» A clave é diferenciar unha verdadeira solución dixital dunha compra illada de equipamento ou servizos.



1. Como sei se o meu proxecto é realmente de transformación dixital?

A clave é que o proxecto remate cunha solución dixital implantada, integrada coa operativa da empresa e funcionando en contorna real. A memoria debería explicar que proceso se dixitaliza ou automatiza, que ferramentas se implantan, como se integran coa actividade da empresa e que evidencias permitirán comprobar que a solución está en funcionamento.

Non debería formularse como proxecto de transformación dixital unha actuación que consista principalmente na compra de maquinaria, equipamento ou tecnoloxía illada destinada a producir, diagnosticar, transformar ou prestar o servizo principal da actividade, aínda que incorpore software, sensores ou xere datos.



2. Son subvencionables as licenzas temporais, subscricións, SaaS ou servizos na nube?

Poden selo, pero só en minimis, ao 50 %, e como parte accesoria ou complementaria dun proxecto con entidade propia. Non deben constituír por si sós o núcleo da actuación.



3. A consultoría tecnolóxica e os traballos de implantación teñen o mesmo tratamento?

Non necesariamente. Debe diferenciarse entre os servizos de consultoría externa e os traballos que formen parte da implantación dun activo material ou inmaterial.



A consultoría externa pode incluír, por exemplo, análise de procesos, definición funcional, acompañamento tecnolóxico ou organizativo, apoio á posta en marcha, validación ou outros servizos puntuais directamente vinculados ao proxecto, sempre que teñan entregables claros e non sexan servizos recorrentes, mantemento, soporte ordinario ou formación.

Pola súa banda, cando os traballos de instalación, configuración, parametrización, desenvolvemento, migración de datos, integración ou posta en marcha formen parte necesaria da implantación dun software, sistema ou activo adquirido en propiedade, deberán identificarse como parte dese investimento ou activo, de acordo coa súa natureza económica e contable. Nese caso, a intensidade de axuda será a que corresponda ao investimento, non a de consultoría.

Por iso é importante que as ofertas e facturas estean suficientemente desagregadas e permitan distinguir que parte corresponde a consultoría externa e que parte forma parte do investimento ou activo implantado.



4. Pero entón, a posta en marcha é consultoría ou maior valor do activo? E a validación?

Depende. A clave non é a palabra empregada na oferta ou na factura, senón a natureza real do traballo.

Como criterio xeral, falaremos de consultoría cando o servizo teña entidade propia, sexa puntual, conte con entregables diferenciados e sirva para definir, orientar, acompañar ou validar a implantación desde un punto de vista funcional, tecnolóxico ou organizativo.

En cambio, falaremos de maior valor do activo cando o traballo sexa necesario para que o software, sistema ou equipamento adquirido quede instalado, configurado, integrado, probado e operativo. Nese caso, aínda que o proveedor o denomine "consultoría", "validación" ou "posta en marcha", deberá tratarse como parte da implantación do activo.

Isto é especialmente importante porque a consultoría externa pode ter unha intensidade de axuda distinta á dos investimentos, pero non se pode desprazar artificialmente cara á consultoría o que pola súa natureza é implantación dun activo. A FAQ 10 xa indica que deben separarse os servizos de consultoría externa dos traballos que forman parte da implantación dun activo material ou inmaterial.



Exemplos de apoio á posta en marcha que poderían ser consultoría

Podería tratarse como consultoría, por exemplo, o acompañamento previo ou preparatorio para organizar o arranque do proxecto, revisar os procesos afectados, definir criterios de aceptación, coordinar usuarios e provedores, validar fluxos funcionais ou elaborar un informe de recomendacións para a adopción da solución.

Exemplos de posta en marcha que serían maior valor do activo

Deberían tratarse como investimento, por exemplo, a instalación do software, a configuración de módulos, a parametrización do ERP, a integración coa base de datos, a migración de datos, as probas técnicas necesarias para o arranque, a corrección de incidencias iniciais da implantación ou a posta en produción da solución.

Exemplos de validación que podería ser consultoría

Podería ser consultoría unha validación funcional ou organizativa: comprobar se os requisitos definidos cobren as necesidades da empresa, revisar se os fluxos previstos son coherentes, contrastar que a solución proposta encaixa cos procesos internos ou elaborar un informe de validación previo á implantación.

Exemplos de validación que sería maior valor do activo

Sería maior valor do activo a validación técnica necesaria para deixar a solución funcionando: probas de configuración, probas de integración, validación da migración de datos, probas de arranque, estabilización inicial ou comprobación final para a posta en produción.

En resumo: Se o traballo axuda a definir, orientar ou validar a solución con entidade propia, pode ser consultoría. Se é necesario para que o activo quede implantado e operativo, forma parte do investimento. Por iso as ofertas e facturas deben vir suficientemente desagregadas.



5. Que é ASG instrumentado por tecnoloxía?

É a implantación dunha solución dixital para captar, integrar, monitorizar, calcular, explotar ou reportar datos ambientais, sociais ou de gobernanza.

Por exemplo, poden encaixar solucións dixitais para medir consumos, residuos ou pegadas ambientais; para facer seguimento de indicadores sociais como igualdade, formación, seguridade e saúde laboral, absentismo ou condicións de traballo; ou para xestionar indicadores de gobernanza como cumprimento normativo, políticas internas, canles de denuncia, avaliación de provedores, riscos ou trazabilidade de decisións.



Non abonda cun informe, unha memoria ou unha diagnose ASG: debe existir unha solución dixital operativa, con datos verificables e vinculada á xestión real da empresa.



6. É subvencionable implantar ENS ou ISO 27001?

A obtención da certificación, a auditoría certificadora ou os traballos documentais asociados a un esquema ENS ou ISO 27001 non deberían formularse como obxecto subvencionable do proxecto.

O que pode ter encaixe, como parte dun proxecto con implantación efectiva, é un proxecto de ciberseguridade orientado á implantación efectiva de medidas técnicas e organizativas para protexer a operación dixital da empresa: configuración de sistemas, control de accesos, copias de seguridade, segmentación, monitorización inicial, análise de vulnerabilidades, endurecemento de contornos, protección de activos dixitais ou actuacións similares.



7. Que equipamento pode entrar?

Pode incluírse equipamento novo, adquirido en propiedade, cando sexa específico, necesario e estea directamente vinculado á implantación da solución dixital do proxecto.

Con carácter xeral, non deberían incluírse como gasto subvencionable equipos TIC básicos de uso común -como ordenadores, portátiles, móbiles, tabletas ou impresoras- nin maquinaria ou equipos cuxa finalidade principal sexa producir, elaborar, diagnosticar ou prestar o servizo propio da actividade da empresa. Nestes casos, é importante separar claramente que parte corresponde á solución dixital e que parte é equipamento produtivo ou de uso xeral.



8. Poden encaixar webs, TPV, hostalaría ou solucións sectoriais?

Só cando exista unha verdadeira transformación do proceso: integración con pedidos, reservas, inventario, ERP, trazabilidade, cadros de mando ou fluxos dixitais verificables. Unha web informativa, unha ferramenta illada ou unha simple renovación non deberían presentarse como proxecto.

SECTORES, CNAE E BENEFICIARIOS



» O CNAE é unha referencia inicial, pero non substitúe a análise da actividade, do proxecto e dos custos.



1. Os CNAE determinan automaticamente se unha empresa pode acceder á axuda?

Non de forma illada. O CNAE é unha referencia moi importante para identificar a actividade da empresa e detectar se pode existir unha exclusión ou limitación sectorial. Nalgúns casos, cando o CNAE é moi específico e coincide coa actividade real da empresa e coa actividade á que se aplica o proxecto, pode ser determinante para concluír que o proxecto ou determinados custos non son subvencionables.

Isto pode ocorrer, por exemplo, en actividades claramente vinculadas a sectores con tratamento específico ou excluído, como pesca e acuicultura, produción agrícola primaria, transporte, enerxía, banda larga ou outros sectores con limitacións no réxime de axudas de Estado aplicable.

Agora ben, o CNAE non debe analizarse illadamente cando a empresa ten varias actividades, cando o proxecto afecta só a unha parte da actividade ou cando os custos poden separarse. Nestes casos, será importante explicar con claridade na memoria que actividade se vai dixitalizar, que custos están vinculados a esa actividade e, se procede, como se separan respecto doutras actividades da empresa.

En resumo: o CNAE non é unha simple formalidade. Pode ser decisivo cando identifica claramente unha actividade excluída ou condicionada, pero a análise debe poñerse sempre en relación coa actividade real da empresa, o proxecto presentado e os custos para os que se solicita a axuda.



2. Que pasa cos sectores con tratamento específico?

Alguns sectores poden ter limitacións ou regras específicas segundo o réxime de axuda aplicable. Isto pode afectar, por exemplo, a actividades relacionadas coa pesca e acuicultura, a produción agrícola primaria, o transporte, a enerxía, a banda larga ou determinados sectores excluídos das axudas rexionais.



Isto non significa necesariamente que a empresa quede fóra automaticamente. O importante é describir ben a actividade, o alcance do proxecto e os custos incluídos, para poder determinar que conceptos poden ser subvencionables e baixo que réxime. En empresas con varias actividades, convén deixar clara a separación entre a actividade afectada polo proxecto e outras actividades da empresa.

Nalgúns destes casos, os investimentos non poderán acollerse ao artigo 14 do RXEC, pero poderían analizarse polo artigo 17 se cumpren os seus requisitos específicos. Por iso, cando se xustifique o encaxe no artigo 17, a memoria debe explicar expresamente en cal dos supostos previstos encaixa o investimento e que cambio real produce no establecemento ou no proceso afectado.



3. Quen pode ser beneficiario?

Poden solicitar a axuda as pequenas e medianas empresas, incluídas persoas autónomas, con centro de traballo en Galicia onde se execute o proxecto, sempre que cumpran o resto dos requisitos das bases.



4. Pode presentarse unha empresa de recente creación?

Si, sempre que xa estea constituída, desenvolva actividade económica, cumpra a condición de peme e dispoña dun centro de traballo en Galicia no que se vaia executar o proxecto. Unha entidade aínda non constituída non pode presentar solicitude.

No caso de empresas de recente creación, é especialmente importante que a solicitude acredite a capacidade da empresa para levar a cabo o proxecto proposto. A memoria debería explicar os medios técnicos, humanos, organizativos e financeiros dispoñibles ou previstos para executar o proxecto, especialmente cando o investimento sexa elevado ou teña unha complexidade significativa.

En resumo, unha empresa nova pode presentarse, pero debe poder xustificar que o proxecto é viable e proporcionado á súa capacidade de execución.



5. Pode pedir a axuda unha empresa que vende servizos dixitais?

Pode facelo se cumpre os requisitos da convocatoria, pero debe terse en conta unha limitación importante: non poden ser beneficiarias as empresas que sexan prestadoras dos mesmos ou similares servizos, ou subministradoras dos mesmos ou similares bens, para os que solicitan a axuda.

Polo tanto, unha empresa TIC ou provedora de solucións dixitais non queda excluída polo feito de selo, pero non poderá solicitar a axuda para financiar bens ou servizos iguais ou similares aos que ofrece no mercado. Si podería formular un proxecto cando estea claramente referido a actuacións distintas da súa oferta comercial e quede xustificado que os bens ou servizos subvencionables son adquiridos a terceiros e responden a unha necesidade propia da empresa.



6. Como se calcula a intensidade da axuda?

A intensidade depende do concepto subvencionable, do réxime de axuda aplicable e, nalgúns casos, do sector ou actividade afectada polo proxecto.

Con carácter xeral, os investimentos materiais e inmateriais que cumpran os requisitos do artigo 14 do RXEC poden ter unha intensidade do 35 % para pequenas empresas e do 25 % para medianas. Cando o artigo 14 non resulte aplicable, pero o investimento cumpra os requisitos do artigo 17 do RXEC, a intensidade será do 20 % para pequenas empresas e do 10 % para medianas.

Os servizos de consultoría externa subvencionables teñen, con carácter xeral, unha intensidade do 50 %. As licenzas temporais, subscricións e servizos en nube ou SaaS só poden subvencionarse en minimis, cando proceda, e tamén cunha intensidade do 50 %.

A empresa non escolle o réxime nin a porcentaxe aplicable: determínanse en función da natureza dos custos, do proxecto e das condicións previstas nas bases.



7. Que condicións debe cumprir un investimento para encaixar no artigo 17 do RXEC?

O artigo 17 do RXEC non é unha alternativa automática cando un investimento non pode acollerse ao artigo 14. Para que un investimento material ou inmaterial poida encaixar no artigo 17, debe estar relacionado cun destes supostos:



- ✓ creación dun novo establecemento;
- ✓ ampliación dun establecemento existente;
- ✓ diversificación da produción dun establecemento cara a produtos ou servizos que antes non se producían ou prestaban nel;
- ✓ transformación fundamental do proceso global de produción ou da prestación global do servizo afectado polo investimento.

Na práctica, a memoria debe explicar con claridade cal destes supostos se cumpre e por que. Non abonda con indicar que se vai implantar unha ferramenta dixital: cómpre xustificar que o investimento produce un cambio relevante no establecemento, na actividade ou no proceso global afectado.

Isto é especialmente importante cando se alegue unha transformación fundamental. Nese caso, convén describir a situación de partida, o proceso global que se transforma, o cambio operativo que introduce a solución, as áreas ou fluxos afectados e as evidencias que permitirán comprobar que a forma de producir ou prestar o servizo cambia de maneira significativa.

Unha mellora puntual, unha actualización de software, unha automatización parcial, a substitución dunha ferramenta existente ou unha actuación illada poden non ser suficientes para encaixar no artigo 17 se non se acredita ese cambio de alcance estrutural ou global.



8. Como acredito que a miña empresa pertence a un sector estratéxico?

A pertenza a un sector industrial estratéxico non se acredita só co CNAE ou co IAE, aínda que estes poidan servir como referencia inicial. Para os efectos da baremación, valorarase principalmente a actividade efectiva da empresa á que se aplica o proxecto.

Na memoria da solicitude debería explicarse brevemente:

- ✓ que sector industrial estratéxico se alega;
- ✓ que actividade real desenvolve a empresa nese sector;
- ✓ a que proceso, centro ou liña de negocio se aplica o proxecto dixital;
- ✓ e, se procede, que produtos, servizos, mercados ou tipoloxía de clientes permiten comprobar esa vinculación.

Non é necesario achegar con carácter xeral documentación extensa, listaxes de clientes ou contratos. O importante é que a memoria permita entender o encaixe. Se a empresa desenvolve varias actividades, deberá quedar claro que o proxecto se aplica á actividade vinculada ao sector estratéxico alegado.





Por exemplo, unha empresa pode formar parte dun sector estratéxico de maneira directa, cando realiza a actividade principal propia dese sector, ou de maneira vinculada, cando participa de forma clara na súa cadea de valor mediante produtos, servizos ou procesos directamente orientados a esa actividade. En cambio, unha relación xenérica, indirecta ou baseada só en que os seus produtos poidan ter usos en distintos sectores non abonda por si soa para acreditar a pertenza sectorial.

En todo caso, a valoración realizarase coa documentación presentada no expediente. Se a vinculación non queda suficientemente acreditada, non se asignará a puntuación sectorial correspondente.

SOLICITUDE, OFERTAS E ANTICIPOS



» Aclaracións prácticas sobre a memoria, as ofertas, o anticipo e o tratamento das incidencias.



1. Que debe explicar a memoria?

Debe describir a situación actual, a solución proposta, as integracións, o plan de traballo, os entregables, os provedores, os custos e as melloras esperadas. A memoria debe explicar con claridade que cambio operativo se vai producir e como se comprobará.



2. Cantas ofertas hai que achegar?

Con carácter xeral, cando unha partida subvencionable alcance ou supere os 15.000 €, deben solicitarse tres ofertas comparables de provedores diferentes, non vinculados entre si nin coa empresa solicitante, e con data.

As ofertas deben referirse a solucións ou servizos comparables e estar suficientemente desagregadas para que se poida entender que se está contratando e por que se escolle unha delas. Se non se escolle a oferta máis económica, convén xustificar de forma clara os motivos técnicos ou funcionais da elección.



3. Que pasa se só hai un provedor posible nun ERP xa implantado?

Ter un ERP ou sistema xa implantado non elimina por si só a obriga de solicitar tres ofertas cando o importe da partida alcance o limiar que obriga a solicitalas. Isto tamén se aplica a módulos, integracións ou desenvolvementos sobre un ERP ou sistema xa existente.

Só se poderá prescindir das tres ofertas cando, polas especiais características do servizo, da licenza, da solución ou do sistema xa implantado, non exista no mercado número suficiente de provedores que poidan realizar esa actuación concreta. Nese caso, as bases prevén que se achegue un escrito acreditativo desta circunstancia asinado por un experto independente.



Ese escrito debe estar referido ao servizo concreto para o que non se presentan tres ofertas. Debería identificar a actuación, explicar por que non existen provedores alternativos reais e acreditar a independencia e cualificación do experto que o asina. Non abonda con indicar que se trata do proveedor habitual, que coñece mellor a instalación ou que resulta máis cómodo continuar con el.

Ademais, aínda que a finalidade principal dese escrito sexa xustificar a imposibilidade de obter tres ofertas, debe terse en conta que o prezo do gasto subvencionable non pode superar o valor de mercado. Por iso é recomendable que o informe ou a documentación complementaria achegada inclúa tamén unha explicación razoada sobre a adecuación do prezo ofertado, mediante referencias obxectivas cando sexa posible.

Se durante a revisión se aprecia que podían existir outros provedores capaces de realizar a actuación, ou que o prezo non queda suficientemente xustificado, poderá requirirse aclaración ou documentación adicional. Se finalmente non queda acreditada a excepción ou a adecuación do gasto, a partida afectada poderá non ser aceptada como subvencionable.



4. Se hai un problema nun gasto concreto, cae todo o proxecto?

Non necesariamente. Se o problema afecta só a un gasto determinado, pode ocorrer que ese gasto non sexa aceptado como subvencionable, sen que iso implique automaticamente a exclusión de todo o proxecto.

Agora ben, se ese gasto é esencial para que a solución dixital funcione ou para que o proxecto conserve o seu sentido, a incidencia podería afectar ao conxunto da solicitude. Por iso é importante que a memoria deixe claro que elementos son imprescindibles para a posta en marcha da solución e cales son complementarios.



5. O anticipo do 80 % é sobre o investimento?

Non. O anticipo é do 80 % da subvención concedida, non do investimento total, co límite da anualidade correspondente, e está condicionado á aceptación expresa da resolución de concesión (DECA) e ao resto das condicións da convocatoria.



6. Onde se pode obter máis axuda?

A través dos medios oficiais do Igape e da Oficina Económica de Galicia. En proxectos nos que participe un hub de innovación dixital seleccionado, esa coordinación tamén pode ter relevancia na valoración, nos termos previstos na convocatoria.